

Os capitáns e oficiais de mar e costa de Nemancos

José Enrique Benlloch Castiñeira

RESUMO

A capitania era un cargo con peso nas vilas do litoral occidental da actual provincia da Coruña. A través de persoas concretas que o ostentaron estudamos ese posto e outros contemporáneos relacionados coas armas. Xeograficamente centrámonos na marxe de Muros a Malpica, con especial atención a Muxía; cronoloxicamente, do s. XVI ao XVIII, no marco das circunstancias bélicas da coroa española a escala peninsular e continental.

Palabras clave:

Capitáns, milicias, reino de Galicia, Nemancos, Muxía, arcebispo, guerra

ABSTRACT

Captaincy was a relevant position in the towns of the western coast of the current province of A Coruña. A study is hereby carried based on specific people who held that title along with other contemporary arms-related positions. The chosen geographical focus is the stretch from Muros to Malpica, with special attention to Muxía while the chronological spectrum covers from the 16th to the 18th century; all within the context of the warlike circumstances of the Spanish crown both at the peninsular and continental scales.

Keywords

Captains, militias, kingdom of Galicia, Nemancos, Muxía, archbishop, war

Introdución

No Tomo IX de *Nalgures* (2013) José Enrique Benlloch del Río presentaba con «Muxía. Evolución histórica da súa preservación»¹ un relato de iniciativas e circunstancias relativas á defensa daquela vila e da súa ría, da Idade Media en adiante, con especial atención ao período do século XVI ao XVIII. Defensa dito no sentido tanto de infraestruturas, armas e outros recursos materiais como de dereitos e intereses da localidade xunto co seu contorno marítimo-terrestre. Seguindo o traballo de Benlloch del Río neste escrito imos tentar continuar e complementar o alí exposto mais centrándonos nos capitáns de mar e costa, cargo que contaba coa potestade de armar os veciños e que era nomeado polo capitán xeneral ou rexente do reino de Galicia. En paralelo a esa figura observaremos outros oficiais e subalternos nas terras e ribeiras muxiás mais tamén alén delas, abrangendo boa parte do antigo arquiprestado de Nemancos.



Fig. 1. Fragmento do Gallaecia Regnum (1639-1644) de F. Ojea, coa cerna da zona estudada²

1 J. E. BENLLOCH DEL RÍO. 2013

2 F. OJEA. 1639-1644. Lenda: C. Coriane = Cabo Touriñán; Nehemina = Nemiña; Mongia = Muxía; Corcalion = Corcubión; Cea = Cee; Namancos = Nemancos; Saas = Zas; Moyno = Muíño (S^o Tirso); Baynas = Bañas. O nomenclator en liña da Xunta dá cinco lugares chamados Xallas, noutros tantos concellos, e dúas freguesías, unha en Negreira e outra, que pensamos é a que se corresponde coa vista neste fragmento do mapa, Xallas de Castriz, no actual municipio de Santa Comba.

A Igrexa e as armas

López Ferreiro³ describe, cunha sintética mais elocuente cronoloxía sobre o eixo das tres centurias anteditas, a relación entre a cabeza da Igrexa na rexión xeográfica que nos ocupa e a constitución de forzas militares:

- Na antigüidade disque era frecuente o arcebispo capitanear en persoa as súas hostes, daí o proverbio *Arcebispo de Santiago, báculo e bésta*⁴.
- Antes do s. XVI “la organización de las milicias en la Tierra de Santiago estaba confiada a los Caballeros que tenían *préstamos*⁵, o digamos, feudos de los Prelados compostelanos; los cuales Caballeros estaban obligados a presentarse con sus respectivas mesnadas en todas las ocasiones en que el Arzobispo los llamase”.
- No s. XVI, “cuando cesaron los préstamos y feudos, los oficiales de los Arzobispos alistaban en cada distrito los hombres aptos para la guerra, pasaban revista y repartían armas cuando el caso lo requería, distribuían a los alistados en compañías, y nombraban jefes o capitanes, expidiéndoles el correspondiente título, para cada compañía”, mais cunha puntualización relevante: “el Arzobispo no podía remover a los capitanes sin causa; y dado que la hubiese, ésta debía ser conocida en juicio ante el Capitán general de Galicia, del cual se apelaba al Consejo de Guerra.”⁶
- No s. XVII “el Arzobispo proponía para cada compañía tres individuos, de entre los cuales el Gobernador militar de Galicia elegía el Capitán. En algunos casos los Arzobispos nombraban un jefe superior para todas las milicias del Arzobispado”, López Ferreiro dá un exemplo deste *cabo de todos sus vasallos*.
- Apenas iniciado o s. XVIII, en concreto en 1705, mediante disposición expedida en Pontevedra polo Duque de Híjar, gobernador e capitán xeneral de Galicia, o recrutamento e formación das milicias xa ficaría a cargo das xustizas ordinarias en cada distrito.

Con todo se poder interpretar dos anteriores cinco puntos que a tal relación fora mingando nese arco temporal, debemos puntualizar que aínda a finais do s. XVII o poder real refren-

3 A. LÓPEZ FERREIRO. 1895, ed. 1975: 667-668.

4 López Ferreiro dá a versión castelá: “Arzobispo de Santiago, báculo y ballesta” en canto E. FLÓREZ. 1765: Lib. II. Cap. I. p. 253 daba no século precedente a versión latina no parágrafo que di: (“Anno 1118”) “Demum , ut verum plenius enucleemus , Pontifices Ecclesiae B. Jacobi foliti fuerant militaribus armis protecti ad bella incedere , & Sarracenorum audaciam durius retundere : unde apud Gallæcos inolevit hoc proverbium : Episcopus S. Jacobi baculus & balista.”

5 As cursivas que reproducimos nestes parágrafos son do autor.

6 Incidentalmente o autor conclúe o parágrafo cunha referencia temporal xa de inicios do XVII: “Así lo dispuso Felipe III en una Real Cédula del año 1608.”

daba no *Libro de provisiones de la guerra* certa potestade militar arcebispal, ao facer Carlos II gardar o privilexio do prelado para nomear capitáns de milicias; verémolo despois.

Fórmulas e nomes propios

No artigo de Benlloch del Río listábanse capitáns e oficiais muxiáns na marxe dos tres séculos contemplados, concretamente nos anos de 1570 a 1780. As fórmulas descritivas correspondentes eran diversas: capitán da costa de Muxía; da vila de Muxía e das súas costas; da vila de Muxía e do seu distrito; de Nemiña, Muxía e Fisterra; e aínda outras. Entre os mencionados aparece Lope de Leis da Bacariça, “ydalgo y capitán de la conducta⁷ de Nemiña”⁸. A el, que sabía asinar, encomendáraselle elaborar a relación de homes armados de Muxía en 1589 para presentarlle ao arcebispo. Non obstante alegara estar ocupado “en otras cosas tocantes a la guerra y servicio del Rey nuestro señor con gente de ynfantería de que hera tal capitán, y no podía asistyr a la dicha lista”, delegando a tal fin no xuíz da vila. O compendio froito do proceso, de medio cento de homes, inventariou o armamento de cada quen, agás tres veciños desarmados, os únicos ademais expresamente sinalados como solteiros. Canto ás pezas tratábase maioritariamente de arcabuces (unha rudimentaria arma de fogo) e picas (unha lanza longa), ademais dun par de bestas⁹ e dunha única espada con rodela (escudo).




Fig 2. Sinatura de Lope de Leis de 1585

Do mesmo ano en que se rexistraba ese pequeno censo consta alusión a outro cargo, o de sarxento maior de Muxía. Mediante a provisión seguinte, e aparentemente en resposta a unha petición veciñal, o capitán xeneral de Galicia solicitáballe a aquel que, para atallar

- 7 “Gente nueva reclutada que los oficiales llevaban a los regimientos” DRAE <https://dle.rae.es/?w=-conducta> O DRAG en liña non recolle esta acepción: <https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/conducta> [Consultas 23-10-2020]
- 8 Tempo antes, en 1575, fora xuíz e xustiza de Muxía, polo arcebispo de Santiago.
- 9 “Arma ofensiva constituída por un arco cunha corda colocada en sentido transversal e disposta sobre un mango ou soporte de madeira” <https://digalego.xunta.gal/gl/termo/9217/besta> [Consulta 31-10-2020]

fraudes e mercadorías vedadas, auditase os navíos que atracaban no porto da vila ao abeiro do carácter libre deste. Esta é a transcripción:

“Auto. En la v^a ⁱ de Camariñas a [11-8-1594] ante Álvaro de Mondragón, teniente de merino e justicia de la dicha v^a en el lugar de Ant^o de Mondragón, que lo es por el conde de Altamyra, e ante mí, escribano, y t^{os} ⁱⁱ presentó esta petición Alonso de Lema e pidió lo en ella contenido, bisto por el dicho teniente, dixo mandava e mandó a mí, escribano, teniendo en mi poder la provisión real y más papeles de que se aze mención dello, de un traslado, dos ho más, a dicho Affonso¹⁰ de Lema por sus derechos debidos conforme a la cárzel real del rei n^o Sr., al qual traslado yendo en forma ... En el dicho auto ... e firmó Álvaro de Mondragón, pasó ante mí, Alonso do Moucho, escribano. Don Juan Pacheco, marqués de Cerralvo, gobernador e capitán general en este reino de Galizia ... a vos, Franc^o de Novoa, sargento mayor del partido de Mugía y a la Justicia de la dicha tierra e a cada uno de vos, salud e gracia. Sepades que Gregorio Suárez, en nonbre de los vezinos del dicho puerto¹¹, me hizo relación que los nabíos que a él benían no se besitaban, por la qual se azían muchos fraudes a su magestad, por ser como hera puerto abierto y me pidió mandase provisión para que bos, la dicha Justicia, vesitase a los dichos nabíos y mercadorías dellos y, siendo de enemigos y mercadorías bedadas, me abisase de ello e que para ello se bos diese el favor e ayuda necesaria // Por mí visto, mandé dar esta carta provisión para vos, por la qual mando: acaesçiendo venir a ese puerto algunos nabíos y estando en él, bos, el dicho sargento mayor, les besitéis e, despues que les ubiere de vesitado, los besitéis vos, la dicha Justicia de Mugía y, no estando presente el dicho Sargento Mayor, agáis la dicha besita la dicha Justicia, para lo qual mando se hos dé todo favor e ayuda para todas e qualesquiera perssonas, so las penas que les pusiéredes y los capitanes y maestros y patrones y más personas de los dichos nabíos hos obedecerán [roto] xena de la dicha vesita en la forma susodicha y de lo que della resultare me daréis abisso. Dada en la ciudad de Santiago¹² a [6-7-1589] El marqués de Cerralbo // Por mandado su s^a Ares González. Don Martín de Ayala, comendador de Puertomarín y governador de las cosas de la guerra deste reino de Galizia por su mag.ⁱⁱⁱ”¹³

10 Polo sentido do texto entendemos que se refire ao mesmo Alonso dito antes.

11 Polo xeito da petición conxeturamos se podería tratarse do procurador xeral da vila naquela altura, falando en nome dos veciños. Este era un cargo electo anual, escollido cada primeiro de xaneiro, para os representar.

12 Non debe sorprender a localización xa que a capitanía xeneral tiña neses anos carácter itinerante.

13 Catro anos despois consta unha medida máis drástica aínda: mandábase ao sarxento maior Francisco Enríquez de Novoa que visitase os portos do seu distrito, prendese os ocupantes de todos os barcos estranxeiros e se incautase dos pasaportes que levaran, mesmo que fosen asinados polo rei.




Fig 3. Mención de Martín de Ayala como gobernador das cousas da guerra do reino de Galicia




Fig 4. Sinatura de Álvaro de Mondragón

O ano anterior, 1588, citábanse seis capitáns nomeados polo rexente do reino de Galicia “que en la dicha tierra había”, sen especificaren territorios nin identificalos. Un deles, porén, sería “Alonso Yáñez, capitán de los de acavallo de las condutas de los cotos de Moraime, San Martiño Doçón, Baññas, Buxantes y Nemiña”.

O papel de Galicia nas guerras na Península Ibérica e en Europa

Xa desde dúas décadas antes, a partir de 1568, os exércitos españois comezaran a enfrontar conflitos bélicos que acabarían solapándose no tempo até 1668. En suma un período de cen anos exactos a cabalo entre o s. XVI e o XVII.




Fig 5. Anos das guerras da coroa española entre mediados dos s. XVI e XVII

Neste contexto resulta comprensible a dificultade de recadar soldados para ter tropas abundas e en plenas condicións. A xunta de coroneis daba o consentimento para a admisión de alféreces e capitáns reformados, é dicir, persoas que levaban unha longa traxectoria no exército. Mais tamén se daban queixas ao rei contra o uso de patentes en branco, o principio de “mans libres” que a nobreza utilizaba para as súas comenencias nomeando capitáns, alféreces ou sarxentos nos seus ámbitos de decisión. Eran reclamacións no sentido de que dese xeito non se garantía o bo funcionamento do exército e que mellor sería contar con profesionais curtidos antes que con inexperientes beneficiarios dos nobres. Para Davide Maffi “los oficiales españoles siempre tuvieron un gran reconocimiento entre sus enemigos hasta que en 1632” as ordenanzas establecieron que “para ascender al grado de maestre de campo eran necesarios solo ocho años de servicio para todos aquellos que podían jactarse de sangre ilustre, contra los 18 que se les requería a todos los demás”. Esta política encheu de nobres os postos de mando, “pero con el precio de destruir por completo el sistema de promociones basado en el mérito”.¹⁴ Porén era destacada a aportación da aristocracia nestas lides? “En 1641 se volvió a llamar a la nobleza de Andalucía, Extremadura y Galicia para hacer frente a la rebelión de Portugal, pero la respuesta fue tan decepcionante como el año anterior. La nobleza se mostraba tan poco aguerrida, que parecía no importarles la suerte que corrieran Cataluña y Portugal. Los testimonios sobre esta falta de espíritu militar de la nobleza son numerosos”. O papel desta, que Contreras Gay describe minuciosamente tanto no aspecto das armas como no financeiro, deixa unha imaxe pésima da mesma¹⁵.

Nese ano de 1641 a Xunta do reino de Galicia mandou unha carta a Filipe IV avisando da falta de tropa destinada a Portugal por mor de anteriores traslados con destino Flandres¹⁶ e Cata-

¹⁴ V. G. OLAYA. 2020

¹⁵ J. CONTRERAS GAY. 1993

¹⁶ En neerlandés, Vlaams Gewest ou Vlaanderen <https://gl.wikipedia.org/wiki/Flandres> [Consulta 4-11-2020]

luña: “Para la reducción de aquel reino [Portugal] reconocida la obstinación de sus naturales, siendo V. M. servido, se habrán de hacer los acontecimientos por entrada y diversión con las milicias y naturales de este [reino de Galicia]; y como no hay en él infantería vieja por haberse sacado para Flandes y Cataluña, a menos de que se provea de número conveniente para su abrigo, obrarán poco por sí solas, respecto de faltarles la plática y disciplina necesarias para tales empresas y cabezas que la gobiernen”¹⁷. É dicir, non había soldados e os homes dispoñíbles carecían do amparo e da experiencia precisa para o que deles se requería militarmente¹⁸.

Á escala xeral do reino, tal como indica Contreras Gay, para as guerras reclutábanse do pobo soldados nunha proporción que oscilaba entre un por cada cincuenta até un por cada cen veciños. Eran diversos os procedementos polos cales as autoridades, nomeadamente as municipais, podían alistar homes¹⁹, sendo a leva forzosa o máis expeditivo e que marcou no s. XVII a mudanza da política de recrutamento. Mediante intimidación e coerción así levaban á guerra aos individuos máis desvalidos da sociedade, mesmo mozos galegos que foran a Castela á sega e alá os colleron²⁰. Participes do recrutamento demandado pola monarquía foron a nobreza galega, o arcebispado de Santiago e os mosteiros bieitos e cistercienses: “una recluta forzosa en toda regla, al ser encaminados a Flandes toda una serie de personas que vivían y cultivaban las tierras monásticas”²¹. Rodríguez Hernández calcula que entre 1648 e 1700 máis de 18.000 galegos foron destinados a Flandres²², sendo o reino de Galicia a zona xeográfica española que máis homes aportou naquel século aos terzos españois alá destinados²³. Christopher Storrs fai unha lectura dunha claridade absoluta: “Se consideraba que de ciertos territorios de España -por exemplo, Galicia- se podían seguir obteniendo cantidades de soldados casi sin límite”²⁴. A verdadeira sangría humana galega nos campos de batalla de Flandres²⁵ non evitaría a crise militar dese s. XVII, producida “por la decadencia de la profesión militar basada en el contrato libre, individual y bilateral entre el soldado y su capitán frente al progresivo auge del servicio obligatorio de carácter colectivo o comunitario”²⁶. Esta idea de Contreras Gay refréndaa Maffi. A coroa hispana mantiña moitas guerras mais o crecemento da súa poboación era mínimo e isto puxo fin ao “sistema de

17 MCGRAW HILL. S. D.: 8 [94]

18 Non obstante dúas décadas despois o monarca aínda ditaría que “por Galicia tengo por conveniente se continúe la guerra ofensiva”. R. VALLADARES RAMÍREZ. 1998: 60 vía L. WHITE. 2003: 68

19 “En Galicia, como bien ha investigado el profesor [I. A. A.] Thompson, el reclutamiento fue gestionado a través de intermediarios, sobre todo nativos de prominentes familias” A. J. RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ. 2012: 5 [217]

20 A. J. RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ. 2012: 7 [219]

21 A. J. RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ. 2012: 15 [227]

22 A. J. RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ. 2012: 27 [239]

23 A. J. RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ. 2012: 2 [214]

24 C. STORRS. 2003: 39-61

25 “Illegará (...) durante (...) la segunda mitad del siglo XVII y especialmente el reinado de Carlos II”. A. J. RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ. 2012: 3 [215]

26 J. CONTRERAS GAY. 1993: 3 [101]

voluntariado tradicional”, sustituíndoo por levas. Para Maffi “los soldados perdieron su histórica profesionalidad y, al final, la tropa bajó de nivel de preparación y mostró una calidad inferior”.²⁷

Este mesmo autor indica que, xunto con Murcia, Extremadura e Granada, Galicia, a pesar de estar exenta de repartos e levas forzosas, ofreceu unha contribución constante de homes para o servizo do rei²⁸. “Infinitamente superior resultó la ayuda del reino de Galicia, que ya desde finales del siglo XVI, en virtud de su privilegiada posición estratégica en la ruta marítima entre la Península y Flandes, fue objeto de fuertes levas.” En 1642 a Xunta do reino queixábase a Madrid da enorme cantidade de efectivos enviados a Flandres nas dúas décadas precedentes mais, por se iso non fora pouco, “El estallido del conflicto en la frontera con Portugal convirtió al reino en uno de los teatros de guerra y, dada la falta de tropas reales en la región, se recurrió por necesidad cada vez más a las fuerzas locales reclutadas por los señores y las ciudades. De este modo, desde 1641, varios millares de gallegos sirvieron en los ejércitos reales no solo en la guerra contra Portugal, sino también en Flandes. (...) Acabada la guerra contra Portugal, el reino empezó a alistar y enviar fuerzas de forma regular al Ejército de Flandes”²⁹, isto representou miles de infantes (e centos de cabalos) desprazados.

Os soldados galegos, pois, non os levaban só a terras flamengas senón tamén a outros destinos, como o veciño Portugal. Tal é o caso dun mozo da Ponte do Porto en favor de quen o seu proxenitor testou neste documento, cando pouco faltaba para que terminara aquela guerra³⁰:

“Sepan quantos esta carta de manda y última ... voluntad ... Andrés de Carril, el biexo, y v^o de la fra. de S. P^o del Puerto³¹... sea enterrado en la parroquial iglesia ... de S. P^o del Puerto en la canpa³² que estuviere más desocupada ... una misa reçada al St^o Christo de Finistera ... Yten mando a Andrés Carril, el moço, soldado que está sirviendo en la campaña de Portugal, el tarreo que nombran Aguillón, cito³³ en la fra. de S. Martiño de Carantoña³⁴. Otorgado en el lugar de Outeiro³⁵, fra. de S. P^o del Puerto a [6-12-1667], escribano: Juan Pérez.”

27 V. G. OLAYA. 2020

28 D. MAFFI. 2020: 202

29 D. MAFFI. 2020: 203

30 Comezara en 1640 e acabaría ao ano seguinte, en 1668.

31 A Ponte do Porto, advocación San Pedro, é unha parroquia do actual concello de Camariñas.

32 “Lousa que se põe em cima das sepulturas. Sepultura.” <https://estraviz.org/campa> (3) [Consulta 6-11-2020]

33 Sito.

34 Parroquia do actual concello de Vimianzo.

35 Podería tratarse do lugar do Campo do Outeiro, na propia freguesía da Ponte.

A capitanía en terras galegas no tempo das guerras foráneas

No extremo oposto do espectro -a escala local, lonxe dos sangrentos escenarios de combate-, a problemática dos cargos armados podía ser ben máis liviá; erraríamos se pensásemos que a distinción da capitanía era incompatible con liortas particulares de toda índole, incluídas as xudiciais. No tramo 1620-1632 foi en Muxía capitán Gregorio de Lema de Dios. Non só resultou preso no cárcere real da Coruña a causa dun proceso por inxurias ao prior de Moraime en 1626 senón que catro anos despois, sendo xuíz da mesma vila e xurisdición, litigaba el contra un mareante conveciño por débedas comerciais na exportación de pescado a Euskadi (da carta executoria resultante dese preito deu conta Benlloch del Río³⁶). E aínda en 1638, cando De Lema compartía o cargo de capitán co de procurador xeral da vila foi acusado por algúns muxiáns de deixación das súas funcións de xuíz^{37/38}.

Se nos fixamos naquela etapa histórica e en cargos como o deste señor podemos preguntarnos cales funcións cumprían se as súas vilas non estaban directamente implicadas en guerra aberta como si se atopaban outras coordenadas continentais e peninsulares. Nese sentido de vencello entre o titular dun posto nunha localidade galega, afastada das batallas, e o rol individual dese home concreto na actividade bélica viamos antes a alegación efectuada por Lope de Leis da Bacariça. Hai aínda outra alusión a Portugal nun preito do capitán muxián Payo Antelo e os seus fillos con Domingo do Allo e outros, auto ordinario pola braña de Maquiáns na freguesía de Serantes (Laxe). En tal documento lemos:

“... cosa al dicho Payo de Antelo ... por no ser como es vº de la dicha fra. y solo los vºs della tienen derecho a pastar en dicha braña ... porque, allándose capitán de melicia de aquella fra. Andrés de Antelo, pidió a los vºs de la dicha fra. le dejasen cerrar dicha brana para coxer en ella hierba para sus cavallerías y, obligados de que el sobredicho hera su capitán y por hescusar el que les molestasen con las calamidades de la guerra de Portugal³⁹ le permitieran zerrar esa dicha braña ... Coruña [30-4-1677]”

Queda aberta á interpretación a suposta, chamativa, relación entre o peche dun terreo e a mobilización para a guerra: se acaso se pedía permiso para o primeiro a cambio de non levar veciños para a campaña. Un detalle adicional, sorprendente, deste preito é que algunhas testemuñas foran citadas ao pé da forca da vila de Laxe, o que se pode entender como unha medida de presión sobre elas.

36 J. E. BENLLOCH DEL RÍO. 2019

37 En 1639 un veciño declaraba que De Lema fora xuíz sete ou oito anos.

38 E aínda en 1655 é citado como ex capitán nun protocolo de pacto matrimonial.

39 Guerra de Restauración / da Restauração, entre Portugal e a monarquía hispánica, 1640-1668.

Un aspecto relevante a considerar, mesmo nun contexto de paz na proximidade, é a considerable poboación teoricamente mobilizable na nosa costa. Indícanolo unha segunda cifra alusiva ao peso relativo galego (esta, potencial e non tanto efectiva como sería posteriormente a que xa demos de Flandres). En 1632 fíxose un cálculo dos homes que había aptos para tomaren armas dentro das vinte leguas inmediatas á ribeira nos diversos reinos ou distritos fronteirizos sometidos á coroa castelá, con este resultado⁴⁰:




Fig 6. Homes aptos para a defensa da costa (1632)

Contreras Gay explica que isto nos dá unha idea da xente que, en teoría, podía utilizarse para a defensa do seu propio contorno na zona desas vinte leguas, que era o límite de maior risco e perigosidade establecido pola monarquía. E o 40% desa poboación contemplada era galega. Abunda na nosa historiografía a constancia de ataques desde o mar ao longo dos séculos e como a xente se recollía do litoral para o interior, nun efecto de contracción e retorno unha vez pasado o perigo. Esta noción pode axudar

40 Elaboración propia a partir de J. CONTRERAS GAY. 1997: 3 [615]

No gráfico a esta escala non se visualizan os 102 soldados que aportarían as Sete Merindades de Asturias. Canto ás once circunscripcións diversas indicadas, que aportarían milicianos en cantidades dispares, serían: Alcalá a Real; Antequera; Xibraltar; Granada; Granada, Vega, Val e Alpujarras; Xérez da Fronteira; Málaga; Murcia; Ronda; Sevilla e a súa terra; Tarifa.

a entender por que a coroa contemplaría tamaño distancia kilométrica como ámbito vinculable á beiramar.

A capitanía e outros cargos contemporáneos

No correspondente aos actuais ámbitos municipal e comarcal os períodos en que se mencionan documentalmente os oficiais, persoalmente e en relación aos seus postos, poden ser amplos. Do capitán e habitante de Muxía, Payo de Antelo y Pasos, tamén escrito Paços⁴¹ [máis adiante referirémonos a el de novo, coas siglas PAP] abranguen as referencias un mínimo de trinta anos, de 1657 a 1687.

Situándonos xusto neste último ano podemos facer un retrato conxunto, como se figuradamente tomásemos unha fotografía grupal, na cal resulta chocante a cantidade de nomes e cargos que se daban a un tempo en localidades de toda a zona. Son unha trintena que localizamos todos simultaneamente no seguinte mapa^{42/43}, dentro dun radio de 40 km⁴⁴:

41 J. E. BENLLOCH DEL RÍO. 2019: 31

42 * Nótese a dupla asignación de Miguel López Piñeiro, conxeturamos que o seu cargo puidera ter por ámbito, máis que o local, o marítimo da propia ría de Muxía e Camariñas. Obsérvase tamén que aparecen dous sarxentos maiores en relación a Muxía, el e Miguel Fernández. Aínda que en principio pensamos nestes cargos todos como unipersoais, unha mención no *Libro de provisiones de la guerra* alusiva a Muros di explicitamente “hizo dejación de una de las capitánías de las milicias del partido”. Dase en contexto máis adiante neste mesmo artigo.

43 ** Juan de Noya aparece tamén como “cavo de esquadra de quadrilla” con veciños de Moraime, San Fins de Caverta, Boiterón e Verdullas; na toponimia oficial vixente: Caberta, Vuiturón e Bardullas.

44 Fóra desta zona e en localidades maiores tamén están na época, entre outros:

- “capitán general de Galicia” = D. Juan Arias Pacheco de Ávila, conde de Puñonrostro;
- “maestre de campo general del reino de Galicia”, “gobernador de las armas” = D. Balthasar Rojas y Pantoja;
- “veedor por su Mgd de la gente de guerra, presidios y artillería deste reino de Galicia” = D. Francisco de Aranburu;
- “oficial de capitanía” na Coruña = Manuel Touceda del Campo;
- “maestre de campo, gobernador del presidio de la Coruña y su partido” = D. Alonso Fierro Castañón;
- “capitán general, obispo de Orense” = D. Diego de Ros Medrano;
- “regidor, capitán y cabo de Orense” = D. José Feº de Losada.



Fig 7. Cargos na costa de Nemancos 1686-87

Miguel Lopes Piñeyro
 do fco fmede bcnh
 Recebiere da recart.

Fig 8. Sinatura de Miguel Lopes Piñeyro como testemuña en 1670

Alén dos muxiáns xa listados por Benlloch del Río no referido artigo de 2013 algúns outros mandos da zona, en anos anteriores e posteriores aos recollidos no anterior gráfico, foron:

- Esteban Moscoso, capitán en Malpica en 1600;
- Martín Romero de Caamaño, capitán en Malpica en 1600;
- Nome aínda descoñecido (pai de Juan Ballón Valdivieso), capitán en Fistera en 1600-1640;
- Andrés Romero de Moscoso, capitán en Malpica en 1640⁴⁵;
- Antonio Romero de Caamaño, capitán en Malpica en 1640-1681⁴⁶;
- Juan Ballón Valdivieso, capitán en Fistera en 1641-1666;
- “capitán de milicia de la compañía de la billa de Camariñas y su distrito”, desertor en 1660, Sebastián Álbarez Calo y Billardefrancos;
- D. Jacinto Antº Romero, capitán en Muros en 1660;
- Manuel Fernández, capitán en Fistera en 1691-92;
- D. Francisco Silva, capitán en Noia en 1697;
- D. Jacinto Antº Romero, capitán en Xallas en 1700;
- Jacobo Gonzáles Chavarría, capitán en Carnota en 1701;
- D. Pedro Romero, capitán en Muros en 1703;
- D. Mathías Vermúdez é un fisterrán co grao de capitán en 1710 mais non o temos acreditado como capitán da vila;
- D. Domingo Díaz Porrúa, capitán da vila de Cee en 1712-14.

Herdanza e riqueza

A capitanía era de cote un asunto moi de familia. A priori xa se pode sospeitar pola coincidencia de apelidos mais ademais hai casos comprobados, algúns na lista anterior e outros que veremos seguidamente. Todos evidencian un perceptible grao de endogamia no traspaso do cargo e en vínculos adxacentes, non só a través da liña consanguínea de pais a fillos senón da política mediante matrimonios. Hai constancia igualmente de concorrencia entre o cargo e unha posición economicamente desafoxada. Mostra de ambas circunstancias -parentesco e bens- é don Alonso Antonio de Antelo y Paços [en adiante AAAP], veciño e capitán de Muxía e o seu distrito. Nunha partilla de 1695 aparece el como sucesor de Antonia Díaz [en adiante AD], unha das dúas fillas e herdeiras doutro capitán do cal falamos antes, Gregorio de Lema. No considerable patrimonio descrito inclúense propiedades en “San Esteban de Lires, San Pedro de Coucieiro, San Pedro de Leys, Stª Mª de Salto, San Martín de Carantoña, San Pedro del Puerto, San Vicente de Duyo, Santiago de Berdeogas” así como en “Mujía, Mens, Ozón, Touriñán, Morayme”. AAAP era

45 Fillo e neto respectivamente dos anteditos Martín e Esteban.

46 Idem supra.

fillo e administrado doutro capitán de quen xa falamos antes [PAP] e herdeiro de AD e aínda doutro capitán máis; estas tres cousas sabémolas por outro documento anterior, un preito iniciado en 1677:

“D. Pedro Pablo Jiménez de Urrea ... capitán en heste reino de Galicia ... a bos, las justicias ordinarias de todo este reino, a cada una en su jurisdicción, ... saved que ante nos se puso la querella siguiente: Andrés de Villa en nonbre del capitán Payo Dantelo y Paços [PAP], v^o de la v^a de Mugía y, como padre y lexítimo administrador de la persona y bienes de Alonso Antonio de Antelo y Paços [AAAP] y este, eredeiro de Antonia Díaz Patiño [AD] y del capitán Andrés de Antelo⁴⁷, sucesor en el vínculo y mayorazgo que ...”

Os vínculos de parentesco ás veces son difíciles de discriminar porque coinciden nomes de devanceiros e de descendentes seus. Ademais as relacións non sempre resultan evidentes a partir da documentación dispoñible, porén, interpretando a coñecida até a data, obteríamos este esquema:




Fig 9. Endogamia na capitania de Muxía (s. XVII)

47 Entendemos que é o mesmo Andrés de Antelo y Paços [en adelante, AAP] que faciamos constar como alferez do capitán no sumario gráfico, que puxemos antes, de cargos na costa de Nemancos en 1686-87, a figura 7. Recapitulando referencias a AAP e PAP:

- en 1638 figura AAP como capitán en Muxía e como receptor do sal de Laxe;
- en 1657 figura PAP como capitán en Muxía;
- en 1660 figura AAP como xuíz ordinario en Muxía;
- en 1665 figura AAP como capitán en Muxía;
- en 1677 figura PAP como capitán en Laxe;
- en 1686 figura PAP como capitán en Muxía;
- en 1686 figura AAP como alferez do capitán PAP, en Muxía.

O Libro de provisiones de la guerra

Por último realizamos unha escolma arbitraria, no afecto á área xeográfica que nos ocupa neste artigo, de referencias dadas no *Libro de provisiones de la guerra, repartimiento de armas y otra regalías de la dignidad de cédula de S. M.*, onde se encontran as seguintes tres cédulas:

- “Cédula de S. M. el Sr. Felipe III dirigida al gobernador deste reyno para que las tierras de la dignidad arzobispal dejasen nombrar libremente al Sr. arzobispo los capitánes de milicias como lo hacía en las suias los condes de Altamira, Monte-Rey y Ribadeo. Año 1607.
- Cédula real del Sr. don Felipe III para que el Ylm^o vi Sr. don Maximiliano de Austria, arzobispo de este arzobispado, no renueve los capitánes de milicias de su jurisdicción y, aviendo legítima causa, se ha de contender en justicia ante el capitán general, de quien se apelase al Consejo de Guerra. Año 1608.
- Cédula real de S. M. el señor Carlos II dirigida al capitán general deste reyno para que se guardase al arzobispo de Santiago el privilegio concedido por las dos reales cédulas antecedentas, por averse quejado el Ylm^o señor Monrroy⁴⁸ de su contravención.”

Citamos deste escrito alusións a media ducia de localizacións xeográficas: Carnota, Xallas, Noia, Fisterra, Malpica e Muros. Os extractos máis breves son os das tres primeiras e aluden a nomes xa dados na listaxe precedente:

- “En el año 1701 don Jacobo González Chavarria, capitán de milicias del partido de Carnota, hizo dejación deste empleo y su Ylm^a vii propuso para nuevo elección.”
- Xallas: “Don Jacinto Ant^o Romero en el año 1700 hizo dejación en manos de su Ylm^a.”
- “Don Francisco de Silva, capitán de la compañía de milicias de la villa de Noya en el año 1697, ha hecho dejación della y su Ylm^a propuso para nueva elección.”

En Fisterra⁴⁹ déronse opinións enfrontadas con ocasión dun relevo no s. XVII: “Juan Ballón de Valdivieso, capitán de milicias de Finisbus-terrae, hizo dejación de su empleo, año 1666, y lo pretendió Domingo de Ynsua por memorial a su Ylm^a. Finisterre a [16-3-1666] ... el capitán Juan Ballón de Valdivieso que es de la villa de Finisterre ... ha hecho dejación⁵⁰ de su compañía en manos de su Ylm^a y Sr. gobernador y capitán

48 Antonio de Monroy foi arcebispo de Santiago de Compostela de 1685 a 1715, o que nos permite acoutar o período temporal da terceira cédula, non datada. https://es.wikipedia.org/wiki/Antonio_de_Monroy [Consulta 1-11-2020]

49 “En 1644 San Biçensso de Duyo, jurisdicción de Finisterra”

50 Por doenza.

general deste reino a favor de Alverte de Santa María, vecino de la jurisdicción de esta villa, sargento de ynfantería y al de presente por otras causas que le mueven ... y lo firmó de su nombre / Juan Ballón”⁵¹. Os veciños escriben ao arcebispo en relación ao sustituto proposto para a capitanía fisterrá. Uns fano a prol: “... en favor de Alberto de Santa María, sarxento de ynfantería ... el nombramiento de tal capitán y que su ex^a y el condestable le confirme y haga título ...”. Outros, en contra: “... el qual Alberto de Santa María no es persona ábil y suficiente para ser tal capitán, por ser un pobre y no tener de qué sustentarse si no es gastándole a los pobres basallos, y el dicho capitán que al presente es, hes rico y poderoso y de toda satisfacción y no tiene necesidad de cosa ninguna y ay más de 25 años⁵² que lo usa y lo a usado su padre más de 40 años⁵³ y todos los naturales están contentos el que lo sea el Juan Ballón, el que se alla onbre sano al de presente, de buena estatura y edad para usar el dicho oficio y a revocado la dexación. Suplicamos a su Ylm^a se sirva no admitir a Alberto de Santa María.”




Fig 10. Endogamia na capitania de Malpica (s. XVII)

En Malpica constátase o fenómeno da endogamia en catro xeracións ao longo do mesmo século (1600-c. 1700): “Por muerte del capitán Andrés Romero, que lo fue en su vida de la capitania de Malpica, entró a servirle el capitán Antonio Romero de Caamaño, con título y patente de su Ylm^a. Por dexación de dicho capitán Antonio Romero en el año 1682 propuso a su Ylm^a tres personas para nueva elección: D. Julián Romero, D. Juan Romero⁵⁴ y D. Bernardo Romero, para que de ellos eligiera uno el Sr. gobernador y capitán general⁵⁵.

51 Nese momento Fisterra ten dous procuradores xerais, Alberte de Caamaño e Antonio Blanco.

52 1641.

53 1600-1640.

54 de Moscoso.

55 Isto correspóndese co proceso de elección a partir dunha terna, citado a partir de López Ferreiro ao primeiro deste noso artigo, que se daba no s. XVII.

El capitán Antonio Romero de Caamaño⁵⁶ de la jurisdicción de Malpica y sus agregados ... y al presente se halla con ciertos achaques. Julián Romero es hijo de Antonio Romero de Caamaño y Juan Romero de Moscoso [es hijo de Andrés Romero] y es sobrino del citado Antonio Romero de Caamaño, y hace dejación en ellos de dicha compañía⁵⁷. Suplica al arzobispo se sirva dar consentimiento a cada uno de los sobredichos para que en su virtud pueda acudir delante del excm^o señor gobernador y capitán general del reino⁵⁸, a quien pide súplica se sirva de dar el título y patente para que pueda usar y ejercer dicha compañía en la conformidad en que la ejerció el otorgante y antes lo han sido capitanes della Martín Romero de Caamaño y Esteban de Moscoso, su padre y abuelo, con título y patente que le había hecho los señores arzobispos y capitanes generales que han sido de dicho reino ... en testimonio de verdade, Francisco Feijoo Sotelo de Quirós. Andrés Romero de Moscoso⁵⁹ ha sido capitán de caballos y sirvió a S. M. a su propia costa en el presidio de la Audiencia de la Coruña y en la frontera de Portugal, por cuyos servicios y otros Martín Romero, su padre, sirvió en la compañía de milicias de la villa de Malpica y sus agregados, y por su fallecimiento entró a servir Antonio Romero, su hijo y hermano del dicho capitán Andres Romero, desde 40 años a esta parte ... y por crecida edad ha hecho dejación en su hijo, Julián Romero, y de don Juan Romero, su sobrino.”

Por último, canto á vila de Muros, as sucesións desde mediados do s. XVII foron do seguinte teor: “Don Jacinto Ant^o Romero, capitán dela compañía de milicias de Muros, hizo dejación de su empleo en el año 1660 y le propusieron por su Ylm^a en su lugar a otros sugetos. Don Pedro Romero en el año 1703 hizo dejación de una de las capitanías de las milicias del partido de Muros y su Ylm^a propuso para una nueva elección. Compañía de Muros: el capitán D. Antonio Romero hizo dexación de empleo en el año 1660 y se propusieron para su lugar a don Pedro Romero, Alverte Gonzáles de Riguera y Domingo de Costa, para que de ellos eligiese uno el Sr. gobernador y capitán general⁶⁰.”

Para finalizar, tamén en Muros vemos unha curiosa intersección entre o rol de capitanía e o de escribanía: “D. Rodrigo⁶¹, marqués de Viana, gobernador y capitán general deste reyno de Galicia ... a vos, Don Jacinto Ant^o Romero, escribano, savez que delante nos se presentó la petición siguiente: Pedro de Algo, en nombre de Fernando Vermudes, procurador general del alfoz de Muros, dijo que la escribanía de dicho alfoz y número de dicho consejo ynsolidum⁶² es propia del capitán D. Jacinto Ant^o Romero, que lo es de la milicia de dicho alfoz y della tomó la posesión en birtud de título que le hizo el arzobispo

56 En 1681 levaba corenta anos de capitán.

57 Julián Romero e Juan Romero son primos irmáns. Antonio Romero de Caamaño e Andrés Romero son fillos de Martín Romero.

58 de Galicia.

59 Irmán de Antonio Romero de Caamaño.

60 1657.

61 D. Rodrigo Pimentel Ponce de León.

62 “In solidum. Literalmente: em conjunto. Nota: Pode ainda ser usado como solidariamente.” <http://www.encyclopedia-juridica.com/pt/d/in-solidum/in-solidum.htm> [Consulta 1-11-2020]

de Santiago y, debiendo usarlo personalmente, no lo hace, antes nombró su sustituto que es Francisco Valladares, escribano que, en nombre de don Jacinto, impide usarlo.”

Conclusiones

Algunhas ideas xerais que tiramos de todo o visto son que a capitanía era un posto de poder considerable no ámbito local, que frecuentemente se herdaba dentro da(s) mesma(s) familia(s) e que ía acompañado dunha boa situación económica, da que deron fê os escribáns de cada momento. Tamén que non era inusual que quen a ostentaba tivese en paralelo a posesión de cargos adicionais como xuíz ordinario, procurador xeral, receptor do sal ou mesmo a escribanía; papeis todos que en absoluto excluían a simultaneidade de negocios particulares, preitos varios e peticións aos veciños. A súa titularidade non estaba acoutada no tempo, como si era o caso da procuradoría xeral e da alcaldía da vila -que se escollían anualmente-, ou a dos dous rexedores, o vello e o novo. Si vimos, polo contrario, que ocupaban moitos anos a responsabilidade, até décadas, e que a cedían por idade, por doenza, etc. Tiñan unha relación estreita co poder secular, nomeadamente o militar, xa de inicio por depender o seu nomeamento da capitanía xeneral do reino de Galicia. Aínda que o proceso de proposta e asignación do posto -que conlevaba os seus propios conflitos- variou co tempo, a vinculación co poder relixioso perdurou⁶³, en concreto co arcebispado compostelán. Alén das fronteiras a coroa desprazou naturais do noso país a combater en teatros bélicos como o de Portugal e, masivamente, a Flandres, cun volume impresionante de homes entregados. Tanto a nobreza como a Igrexa, ademais do poder local, tiveron un papel crucial á hora de recadar partes desas decenas de miles de galegos mobilizados para as guerras.

Archivos consultados

AGMAB: Archivo General de la Marina *Álvaro de Bazán*
Grupo G-1 s.nº

AHDS: Archivo Histórico Diocesano. Santiago de Compostela
Serie Regalías. Provisiones de la Guerra. 1.5.1
Serie jurisdiccional carpeta nº 1.9.35
Libro de Fábrica nº 2 de Stª Mª. de Muxía.

AHN: Archivo Histórico Nacional. Madrid
Inquisición 3726-2 nº 114.

63 Aínda a mediados do s. XVIII queda constancia, perante unha visita pastoral por parte do bispo, de que un capitán muxián, en ausencia do reitor -o cura da parroquia-, resulta ser quen conserva os libros parroquiais, en vez do propio crego. É en 1745 cando D. José González de Lema garda unha ducia de volumes: oito de confrarías, un do hospital, dous de fábrica e outro de asentos de bautizados, casados e falecidos.

AHUSC: Arquivo Histórico. Universidade de Santiago de Compostela
Moraima. Informaciones. Clr-1.181, P.3, Doc.1.
Protocolos notariais. Corcubión nº 247
Protocolos notariais. Corcubión nº 254
Protocolos notariais. Corcubión nº 263
Protocolos notariais. Corcubión nº 267
Protocolos notariais. Corcubión nº 299

ARChV: Archivo Real Chancillería de Valladolid
Sala de Hijosdalgo, caja 613,1. folio 1508.
Registro de Ejecutorias. Caja 2568.0002

ARG: Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña
R. Audcia. Leg. 289/61
R. Audcia. Leg. 2141/10
R. Audcia. Leg. 14696/30
R. Audcia. Leg. 15632/17
R. Audcia. Leg. 18195/47
R. Audcia. Leg. 20320/35
R. Audcia. Leg. 20329/85
Serie mosteiros. Leg. 285/15

Arquivo particular de D. José Luis López Sangil

Bibliografía e cartografía

JOSÉ ENRIQUE BENLLOCH DEL RÍO. (2013) «Muxía. Evolución histórica da súa preservación» en *Nalgures* IX. A Coruña.

JOSÉ ENRIQUE BENLLOCH DEL RÍO. (2019) «Una carta ejecutoria de 1632 entre vecinos de Muxía en la Real Chancillería» en *Nalgures* XV. A Coruña.

JOSÉ CONTRERAS GAY. (1993) «El servicio militar en España durante el siglo XVII» en *Chronica nova: Revista de historia moderna de la Universidad de Granada*. Granada.⁶⁴

JOSÉ CONTRERAS GAY. (1997) «Las milicias de socorro del Reino de Granada y su contribución a la defensa de la costa después de 1568» en *Actas del Congreso la Frontera Oriental Nazarí como Sujeto Histórico* (S.XIII-XVI). Almería.⁶⁵

64 <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=253569> [Consulta 26-12-2019]

65 <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=994407> [Consulta 29-10-2020]

ENRIQUE FERNÁNDEZ-VILLAMIL. (1962) *Juntas del Reino de Galicia*. Madrid.

ENRIQUE FLÓREZ. (1765) *España sagrada : theatro geographico-historico de la iglesia de España : tomo XX, Historia compostelana*. Madrid.⁶⁶

ANTONIO LÓPEZ FERREIRO. (1975) *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*. Santiago de Compostela, 1895; Madrid, ed.

DAVIDE MAFFI. (2020) *Los últimos tercios. El Ejército de Carlos II*. Madrid.

McGRAW HILL (Ed.) «La España del siglo XVII: Felipe III, Felipe IV y Carlos III». s. l., s. d.⁶⁷

FERNANDO DE OJEA. (1639-1644) *Gallaecia Regnum*. Francia.⁶⁸

ANTONIO JOSÉ RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ. (2012) «De Galicia a Flandes: reclutamiento y servicio de soldados gallegos en el ejército de Flandes (1648-1700)». Santiago de Compostela.⁶⁹

CHRISTOPHER STORRS. (2003) «La pervivencia de la monarquía española bajo el reinado de Carlos II (1665-1700)» en *Manuscripts: Revista d'història moderna* n.º 21. Barcelona.⁷⁰

RAFAEL VALLADARES RAMÍREZ. (1998) *La guerra olvidada. Ciudad Rodrigo y su comarca durante la Restauración de Portugal (1640-1668)*. Ciudad Rodrigo.⁷¹

MARÍA DEL CARMEN SAAVEDRA VÁZQUEZ. (1996) *Galicia en el camino de Flandes*. Ediciós do Castro. Sada (A Coruña).

LORRAINE WHITE. (2003) «Guerra y revolución militar en la Iberia del siglo XVII» en *Manuscripts: Revista d'història moderna* n.º 21. Barcelona.⁷²

VICENTE G. OLAYA. (2020) en *El País*. Madrid.⁷³

66 <http://bibliotecadigital.jcyl.es/es/consulta/registro.cmd?id=4750> [Consulta 2-11-2020]

67 <https://www.mheducation.es/bcv/guide/capitulo/8448169387.pdf> [Consulta 31-10-2020]

68 <http://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/resources/html/025337.html> [Consulta 1-11-2020]

69 <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/3919> [Consulta 26-10-2020]

70 <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1122466> [Consulta 1-11-2020]

71 <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=105334> [Consulta 2-11-2020]

72 <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1122471> [Consulta 31-10-2020]

73 https://elpais.com/cultura/2020/10/05/babelia/1601920366_821526.html [Consulta 27-10-2020]

Recursos en liña adicionais

Digalego <https://digalego.xunta.gal>

Dicionário Estraviz <https://estraviz.org>

DRAE <https://dle.rae.es>

DRAG <https://academia.gal/diccionario>

Nomenclator da Xunta de Galicia <https://www.xunta.gal/nomenclator>

-
- i v^a é abreviatura para significar *villa*, vila.
 - ii t^o é abreviatura para *testigo*, testemuña. En plural t^{os}, *testigos*, testemuñas.
 - iii mag. ou mgd. son formas abreviadas de indicar *magestad*, por maxestade.
 - iv v^o é de *vecino*, unha abreviatura para referirse a un veciño; en plural cando rematada coa letra ese, v^{os}.
 - v fra. é abreviatura de *feligresía*, freguesía ou parroquia.
 - vi Ylm^o é unha forma abreviada para dicir *ilustrísimo*, fórmula de tratamento que antecede ao nome.
 - vii Ylm^a é a forma abreviada de dicir *ilustrísima*, forma pronominal protocolaria de referirse ao arcebispo.